

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS E USUARIAS DE AUGAS DE CONSUMO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS PARA A REALIZACIÓN DE MELLORAS DAS INSTALACIÓNS DURANTE O ANO 2022.

1. Obxecto da convocatoria e entidades beneficiarias

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrència competitiva, a concesión de subvencións entre as Comunidades de Usuarios/as de Augas de Consumo que presten servizos no ámbito municipal do Concello Salceda de Caselas, que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, e que durante o ano 2022 realicen investimentos nas traídas veciñais das Comunidades de Usuarios/as de Augas que redunden na mellora do servizo e fomentar o asentamento no rural ademais de dinamizar o asociacionismo veciñal.

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrència competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, de acordo co artigo 19.1.

Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as comunidades de usuarios/as de augas que desenvolvan a súa actividade no Concello Salceda de Caselas, debidamente inscritas no rexistro público correspondente, coa finalidade de mellorar a prestación deste servizo, encadrado como servizo básico municipal na lexislación básica de réxime local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades da veciñanza.

Con cargo ás correspondentes dotacións orzamentarias, o obxecto das axudas comprenderá a contratación de obras, adquisición de materiais, man de obra ou equipamentos, asociados a melloras nas seguintes áreas de actuación:

- Captación de augas (fontes e pozos)
- Mantemento e conservación dos sistemas de almacenamento e potabilización (depósitos e o seu entorno, filtración, decantación, cloración).
- Rede de distribución da auga (reparación nas redes de distribución cando non superen os 20 metros lineais)
- Mantemento e conservación nas instalacións (depósitos, rexistros de distribución, pozos de captación).



Non serán subvencionables en ningún caso os seguintes gastos:

- Os fixados no artigo 31 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- Publicidade, cartelería e comunicación.
- Elaboración de proxectos, asesoría, xestoría ou consultaría.
- Inscripción no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).
- Cuotas a asociacións.

A comunidade de usuarios/as de augas solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para o 2022.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos de proxectos ou accións concretas e individualizadas no ano 2022 e que se definen no punto 1 destas bases.

2. Requisitos das entidades solicitantes

Poderán ser beneficiarias da presente convocatoria aquelas asociacións de usuarios/as de augas legalmente constituídas e que realicen as actividades subvencionables pola presente convocatoria no termo municipal de Salceda de Caselas, e que cumpran co seguinte:

- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e co Concello de Salceda de Caselas (O Concello comprobará de oficio a inexistencia de débedas coa facenda local, de conformidade co disposto no artigo 53.d da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.)
- Non estar incluídos en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións., no artigo 13.
- Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade.

3. Aplicación Orzamentaria

A concesión de axudas será atendida con cargo á aplicación orzamentaria (1621-48000) do orzamentario vixente do ano 2022 que conta con un orzamento total de 30.000 euros.

4. Contía e límites

As entidades beneficiarias poderán recibir como máximo o 70% do orzamento (IVE incluído) presentado sobre os gastos subvencionables. A subvención máxima a recibir será de 5.000 euros por cada Comunidade de Usuarios/as.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.

5. Solicitud e documentación a achegar

As comunidades de usuarios/as de augas que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- Anexo I: Impreso oficial de solicitud, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
- Anexo II: Certificación do acordo de solicitud, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de persoas socias.
- Documentación acreditativa de cada un dos criterios de avaliación que cumpra a Comunidade de Augas, de ser o caso, recollidos no punto 8, co fin de que sexan valorados pola Comisión Técnica de avaliación.
- Calquera outra documentación que, xustificadamente, sexa requirida polo órgano instrutor do procedemento de concesión.

6. Iniciación e prazo de presentación de solicitudes

As entidades que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, toda a documentación deberá presentala a través de medios electrónicos.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOPPO e finalizará no prazo de 15 días contado desde dita publicación. Esta convocatoria publicárase na sede electrónica e na páxina web do concello.

A comisión instrutora do procedemento comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa necesaria e, si se precisase, requirirá para que no prazo de dez días hábiles se emende a solicitud ou complete a documentación preceptiva (artigo 68 da Lei 39/2015 citada) coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistida a súa petición mediante resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 21 do mesmo texto legal.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

Os modelos de solicitud e os correspondentes formularios, estarán dispoñibles na sede electrónica



7. Comisión técnica de avaliación

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á un funcionario/a do departamento de Tesourería ou persoa que legalmente a substitúa, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

A comisión de avaliación será o órgano Colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nas presentes bases, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos participantes na presente convocatoria.

A composición da comisión de avaliación será a seguinte:

Presidencia: Tesoureira do concello.

Vogais:

- Un/ha técnico/a ou persoal adscrito ao departamento de urbanismo/oficina técnica.

Secretaría:

- Un/ha auxiliar administrativo/a, que actuará con voz pero sen voto.

Os membros da Comisión serán designados mediante decreto da Alcaldía.

Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado as entidades solicitantes propostas para obter a subvención, e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no punto seguinte. Así mesmo, indícase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben coa ampliación dos créditos orzamentarios destinados a esta subvención de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

A comisión de valoración constituirase na sede do Concello Salceda de Caselas. O seu funcionamento rexerase polo disposto na Sección 3ª, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 10 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público .

A Comisión de valoración elevará a proposta de concesión ó órgano competente, quen



resolverá.

8. Criterios de avaliación

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión Técnica de Avaliación terá en conta os seguintes criterios:

- 1) Número de usuarios/as (billas):
 - a. Entre 10 e 50 usuarios (5 puntos)
 - b. Entre 51 e 100 usuarios (10 puntos)
 - c. Máis de 101 usuarios (15 puntos)
- 2) Corresponsabilidade financeira, entendida como unha cota por usuario e ano.
 - a. Maior ou igual a 25 euros (5 puntos)
 - b. Que realizen aportacións extraordinarias por usuario/a para obras, nos últimos tres anos, por importe maior ou igual a 100 euros (5 puntos)
- 3) Cumprir coas obrigas legais de analíticas e cloración no ano anterior (5 puntos)
- 4) Proporcionar auga de consumo de xeito gratuíto a algún centro educativo, cultural, deportivo ou social (10 puntos)
- 5) Uso do galego nas comunicacións a usuarios/as (5 puntos)
- 6) Non ter percibido axudas doutras administracións ou do Concello de Salceda de Caselas nos dous últimos anos que financiasen o investimento que se vai a subvencionar nestas bases por importes superiores a 5.000 euros. (15 puntos)
- 7) Interese dos investimentos propostos para o seu financiamento. (Ata un máximo de 50 puntos).
 - Incrementar a capacidade das captacións. (20 puntos)
 - Incrementar a capacidade dos depósitos. (15 puntos)
 - Instalación de sistemas de potabilización. (15 puntos)
 - Renovación da rede de distribución por deterioro ou escasa capacidade con relación ás persoas usuarias. (15 puntos)
 - Outros de interese xeral a criterio da Comisión técnica. (10 puntos)

Adxudicarase a subvención por orde de maior puntuación, co limite do 70% (IVE incluído) do



orçamento e 5.000 euros por comunidade ata esgotar a partida de 30.000 euros.

9. Resolución, avaliación, notificación e modificación

Será causa de denegación de concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada na presente convocatoria. O órgano competente, a vista da proposta de resolución definitiva realizada pola Comisión Técnica de Avaliación, resolverá o procedemento.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima ás entidades interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Contra a resolución as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular do Concello Salceda de Caselas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

10. Aceptación da subvención e compromisos

A persoa representante da entidade beneficiaria disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

As entidades beneficiarias, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.

11. Obrigas das entidades beneficiarias



Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias deberán aceptar as seguintes obrigas:

- Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- O Concello Salceda de Caselas poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

12. Xustificación e pagamento

A contía da subvención aboarase unha vez que quede correctamente xustificada a execución dos investimentos.

As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados ata o 30 de novembro.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no certificado bancario aportado.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 100% do importe de subvención concedida.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente polo órgano competente e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Escrito de presentación da conta xustificativa (Anexo n.º III)
- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.
- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada. (Cartel indicativo da subvención)
- Facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral xunto con xustificantes de pagamento e relación das mesmas, detallando n.º de factura, data de emisión, provedor, CIF, concepto, importe e data de pago.

- Relación dos ingresos que financian a actividade, acreditando o seu importe e procedencia, cumprimento das finalidades obxecto de subvención e declaración de que o IVE soportado nas facturas que compoñen a conta xustificativa non é deducible. (Anexo n.º IV)
- Certificados de inexistencia de débedas tributarias e fronte á seguridade social expedidos pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e Seguridade Social en vigor.

13. Reintegro de subvencións

No caso de que as entidades beneficiarias incorran nalgunha das causas de reintegro que se establecen no título II da Lei 38/2003, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

14. Recursos

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición este resolverase e notificarase no prazo de un mes segundo establece o art. 124 da citada Lei 39/2015. No caso de silencio administrativo estarase ao establecido no art. 24 do mesmo texto legal.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso axustado a Dereito que os interesados estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE